



Expediente nº 149/2025

Procedemento: Selección de persoal. APROL Rural 2025

ACTA DO TRIBUNAL PARA A SELECCIÓN DE DOUS PEÓNS FORESTAIS AO ABEIRO DA ORDE DO 5 DE MARZO DE 2025, POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL 2025)

Para dar cumprimento ao Decreto de Alcaldía 2025-0148, do 5 de xuño de 2025, reunidos na Casa Consistorial do Concello de As Nogais o 9 de xuño de 2025 constitúese o tribunal para valorar as probas relativas ao proceso de selección e contratación laboral temporal de dous peóns forestais, ao abeiro da orde do 5 de marzo de 2025, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025, e que está integrado por:

CARGO	IDENTIDADE
Presidente	Ana Belén Alba González
Secretaria	Sandra Díaz Álvarez
Vogal	Julio López Veiga

Sendo as 10:00 horas, a Secretaria dá lectura á lista de admitidos/as ao proceso e procederase á realización da proba escrita:

ASPIRANTES ADMITIDOS		
APELIDOS E NOME	DNI	PRESENTADO
RODRÍGUEZ VILLAMIL, MANUEL	***8987**	SI
FERNANDEZ PEREZ JOSE LUIS	***6153**	SI
GARCIA RIO CARLOS	***5301**	NON
GARCIA PEREZ ARSENIO	***0783**	SI
LOLO LOPEZ ISIDRO	***9931**	SI

Unha vez informados/as sobre a tipoloxía do procedemento e as normas baixo as que se rexe, sendo as 10.10 horas dáse comezo á proba de carácter obrigatorio e eliminatorio que consiste, segundo as bases aprobadas, en contestar por escrito a un cuestionario tipo test de 10 preguntas con respostas alternativas das que só unha é correcta, baseadas no contido do programa da convocatoria relacionada no ANEXO II, durante un período de 20 minutos. O exercicio será cualificado de 0 a 6 puntos.

Rematada a proba e entregado o seu cuestionario escrito, os candidatos que non acreditan o coñecemento de lingua galega segundo o establecido nas bases reguladoras do devandito procedemento realizan unha proba de coñecemento de lingua galega, co seguinte resultado:





APELIDOS E NOME	DNI	RESULTADO PROBA GALEGO
RODRÍGUEZ VILLAMIL, MANUEL	***8987**	APTO
FERNANDEZ PEREZ JOSE LUIS	***6153**	APTO
GARCIA PEREZ ARSENIO	***0783**	APTO
LOLO LOPEZ ISIDRO	***9931**	APTO

A continuación, o Tribunal procede á corrección do cuestionario tipo test, do que se extrae o seguinte resultado, xunto coa baremación da fase de concurso, polo que, de acordo coas bases establecidas para a selección do posto de traballo indicado, a puntuación obtida polos aspirantes ao posto de peón forestal é a seguinte:

APELIDOS E NOME	DNI	COLECTIVOS CON ESPECIALS DIFICULTADES DE INSERCIÓN	FORMACIÓN	OPOSICIÓN	PUNTUACIÓN TOTAL
RODRÍGUEZ VILLAMIL, MANUEL	***8987**	0,40	1,00	5,40	6,80
FERNANDEZ PEREZ, JOSE LUIS	***6153**	0,40	1,50	4,80	6,70
GARCIA RIO, CARLOS	***5301**	0,00	0,00	0,00	0,00
GARCIA PEREZ, ARSENIO	***0783**	0,40	0,00	3,00	3,40
LOLO LOPEZ, ISIDRO	***9931**	0,40	0,00	4,80	5,20

Á vista dos resultados, o Tribunal resolve por unanimidade propoñer á Presidencia do Concello de As Nogais para a formalización do contrato laboral dos dous postos de peón forestal aos seguintes candidatos:

- RODRÍGUEZ VILLAMIL, MANUEL, con DNI ***8987**
- FERNANDEZ PEREZ, JOSE LUIS, con DNI ***6153**





Obtidos os resultados da proba, e tal e como se establece nas Bases de convocatoria, propónse a formación da seguinte bolsa co resto das aspirantes que superaron o proceso, por orde de puntuación, de cara a posibles chamamentos dentro do procedemento.

Lista de reserva:

Nº ORDE	APELIDOS E NOME	DNI
1	LOLO LOPEZ, ISIDRO	***9931**
2	GARCIA PEREZ, ARSENIO	***0783**
3	GARCIA RIO, CARLOS	***5301**

A Presidenta dá por finalizada a reunión, sendo as 10:45 horas. E para que quede constancia do acordado, eu, a secretaria, redacto acta, que someto á sinatura do presidente e vogais e dou fe.

O que se comunica para o seu coñecemento e efectos, significándolle que de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra a presente resolución, que non pon fin á vía administrativa, pode interpoñer recurso de alzada, no prazo dun mes ante o órgano superior xerárquico do que o ditou. Transcorridos 3 meses dende a interposición do recurso sen que recaese resolución, poderase entender desestimado o recurso.

Todo iso, sen prexuízo de que poida exercer calquera outro recurso que estime procedente.

En As Nogais, na data indicada ao marxe. O tribunal calificador

